

ACTA N.º 2022/9

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- 30 DE DECEMBRO DO 2022 -

En data 30 de decembre do 2022, sendo as 20:00 horas, reúnen-se na Casa Consistorial do Concello de Cerdido os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do Secretario en réxime de acumulación co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

Preside: Benigno Galego Castro.

Asisten: Cándido Eusebio Preto Lago, Rocío Martínez Martínez, Cristina Carrodegua Graña, Patricia Santalla Pérez, Alberto Javier Rey Paz e María Amalia Díaz.

Xustifican ausencia : David Prada Aneiros e Marina Tojeiro Martínez

Secretario-Interventor: Manuel Larrosa Rodríguez.

Constátase a presenza dos membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o Alcalde, Benigno Galego Castro como Presidente declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**

**PARTE DISPOSITIVA**

**Primeiro.-Aprobación, se procede, da acta de sesión plenaria celebrada o 31 de outubro do 2022.**

Sometida a votación a acta da sesión plenaria celebrada en data 31 de outubro do 2022 é aprobada por unanimidade.

**Segundo.- Dar conta dos decretos de alcaldía.**

Os membros do Pleno tomaron coñecemento da relación de Decretos que se recolle no cadro seguinte :

256/2022	21-10-22	Aprobación pagos asistencias tribunal selección por promoción interna de oficial
257/2022	21-10-22	Aprobación de pagos de asistencia do tribunal de promoción interna para a selección dun administrativo
258/2022	21-10-22	Convocatoria de subvencións nominativas 2022
259/2022	26-10-22	Convocatoria do Pleno ordinario de outubro 2022
260/2022	25-10-22	Contratación de persoal par cubrir vacante. Bolsa para a selección



		persoal laboral temporal de auxiliar de axuda no fogar . Publicación das bases no BOP 27/03/2018
261/2022	27-10-22	Reserva de instalacións dos locais da Area Recreativa O Castro para unha proxección de cine os días 18 e 19 de novembro
262/2022	27-10-22	Solicitude de uso dun local dos Casás para unha celebración particular o 12 de novembro de 17:00 a 18:00
263/2022	27-10-22	Alta no padrón municipal de habitantes en Piñón, 14, A Barqueira
264/2022	31-10-22	Aprobación de nóminas e quilometraxe de outubro e seguridade social de setembro de 2022
265/2022	02-11-22	Autorización de licenza de estudos á secretaria -interventora do Concello
266/2022	07-11-22	Solicitude de autorización de uso dun local da Area Recreativa O Castro para xuntanza o 10 de novembro de 17:00 a 20:00
267/2022	10-11-22	Relación de recibos correspondentes ó mes de outubro do 2022 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
268/2022	10-11-22	alta no padrón municipal de habitantes en Soosloureiros, 16, A Barqueira
269/2022	15-11-22	Xeración de créditos 08/2022 POS+Adicional 1/2022 Gastos sociais extraordinarios. Investimento
270/2022	16-11-22	Execución de balsa de auga para rego
271/2022	16-11-22	Transferencia de créditos
272/2022	17-11-22	Aprobación de facturas do mes de outubro de 2022
273/2022	17-11-22	Expediente solicitude devolución de parte da nómina de outubro a Silvia Santalla Pérez por pago directo da Seguridade Social
274/2022	17-11-22	Aprobación do pago do modelo 583. Imposto sobre o valor da produción de enerxía eléctrica
275/2022	17-11-22	Alta no padrón municipal de habitantes en Fercoi, 2, Cerdido
276/2022	18-11-22	Aprobación pago anuncio BOP
277/2022	21-11-22	Devolución Importe non xustificado. Subvención TR351G 2017/6-1 Axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural APROL Rural
278/2022	21-11-22	Contrato Menor para a supervisión de dirección de obra para seguimento de proxecto de renovación de alumeadado público
279/2022	21-11-22	Licenza de primeira ocupación
280/2022	22-11-22	incremento retributivo 1,5 %
281/2022	23-11-22	Dev. Fianza Definitiva Proyectos Integrales de Limpieza S.A.



282/2022	23-11-22	Contrato menor para o subministro de material técnico asistencial
283/2022	23-11-22	Aprobación de pagos convenio de Valdoviño do 14 de setembro ao 14 de novembro de 2022
284/2022	24-11-22	Vacante dunha praza de auxiliar de axuda no fogar por xubilación da titular
285/2022	24-11-22	Servicio para dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde de la obra Mellora do firme da pista Campo da Igrexa - Calmourel e outro
286/2022	24-11-22	Servicio para dirección de obra y coordinación de seguridade e saúde Camiño de Penso a Cubos e outros
287/2022	24-11-22	Contrato Servizo Dirección de obra e coordinación de Seguridade e saúde da obra "Camiño Cruz dos Novás á Pena (Cerdido) e outros"
288/2022	24-11-22	Bolsa auxiliar administrativo
289/2022	25-11-22	Aprobación pago achega xeoparque
290/2022	28-11-22	Convocatoria 2 proba administrativo bolsa
291/2022	29-11-22	Contrato actuación Duo Caramelo Rede Cultural da Deputación 2022. Data actuación: 3 de decembro de 2022
292/2022	29-11-22	Expediente para transferencia para gastos de serv sociais (nóminas)
293/2022	29-11-22	Aprobación de nóminas e quilometraxe de novembro e Seguridade Social de outubro de 2022
294/2022	02-12-22	Contrato Ampliación abastecemento de auga a Bordo (Os Casás)
295/2022	05-12-22	Adxudicación AGADER 2022 Camiño Cruz dos Novás á Pena (Cerdido) e outros
296/2022	07-12-22	Contrato para a adquisición dun corta céspede
297/2022	09-12-22	Alta no padrón municipal de habitantes en Rebordaos, 11
298/2022	09-12-22	Alta no padrón municipal de habitantes en Felgosas, 47
299/2022	09-12-22	Aprobación de pagos ao Concello de Valdoviño polas diferencias dos custos da Seguridade Social, en relación aos convenios de administrativo e auxiliar administrativo
300/2022	09-12-22	Reserva dos locais da Area Recreativa O Castro para sesión de cine infantil
301/2022	12-12-22	Contrato O Aturuxo de Melpómene. Rede Cultural Deputación da Coruña 2022



302/2022	12-12-22	Prorroga acta de replanteo IDAE: Renovación total das instalacións de alumeados exterior municipal de Cerdido
303/2022	12-12-22	Convocatoria 3ª proba administrativo bolsa
304/2022	13-12-22	Relación de recibos correspondentes ó mes de novembro do 2022 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
305/2022	14-12-22	Aprobación de facturas novembro 2022
306/2022	15-12-22	Aprobación Certificación 1 e factura AGADER 2022 Camiño Cruz dos Novás á Pena (Cerdido) e outros
307/2022	16-12-22	Alta no padrón municipal de habitantes en Casaldegonce, 3, Cerdido
308/2022	20-12-22	Aprobación de nóminas e quilometraxe do mes de decembro e seguridade social de novembro de 2022
309/2022	20-12-22	Xeración de créditos gasto corrente POS+ Adicional 2022
310/2022	21-12-22	Aprobación de pagos de asistencias do tribunal as probas para a creación dunha bolsa de Auxiliar Administrativo
311/2022	21-12-22	Aprobación pagos asistencias tribunal bolsa Administrativo
312/2022	21-12-22	Convocatoria Subvenciones Nominativas 2022
313/2022	21-12-22	Convocatoria Subvenciones Nominativas 2022
314/2022	22-12-22	Aprobación de pagos convenio de Valdoviño do 12 de setembro ao 20 de decembro de 2022
315/2022	26-12-22	Modificación orzamentaria. Modalidade transferencia de créditos. Convenio Concello Valdoviño
316/2022	26-12-22	Aprobación das asistencia dos concelleiros a órganos colexiados 2022
317/2022	26-12-22	Aprobación das bases correspondentes á oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal

Aberto o turno de intervencións, toma a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz : no Decreto 277, Devolución Importe non xustificado. Subvención TR351G 2017/6-1. Axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural APROL Rural.

Resposta o Alcalde, Benigno Galego Castro: Esta foi unha subvención que se solicitou para contratar persoal e unha das persoas estivo de baixa, entón non se logrou xustificar o 100% da subvención, os gastos por así dicilo pois ao estar de baixa foron 400 euros ou unha cousa así

Seguidamente a Sr<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez pregunta, ¿Perdeuse a subvención?

Resposta o Alcalde, Benigno Galego Castro: Non. Eles danche 9.000 euros para contratar unha persoa pero si esta persoa está de baixa durante ese período paga a seguridade social e non o Concello, entón eses 400 euros ou unha cousa así que paga a Seguridade Social non os podemos xustificar nosoutros como gastos e temos que facer o reintegro de eses 400 euros do total.

Toma a palabra Dona María Amalia Díaz Rodríguez: Respecto á Aprobación do pago do modelo 583. Imposto sobre o valor da produción de enerxía eléctrica, no Decreto 274/2022 ¿é un novo imposto?

Explica o Alcalde, Benigno Galego Castro: É un modelo da Axencia Tributaria que temos que cubrir sobre a produción de placas solares. Págase en función da produción que se fai, pero é un modelo de tódolos anos.

### **Terceiro.- Rogos e preguntas**

Aberta a quenda de rogos preguntas, comeza o Sr. Alberto Javier Rey Paz preguntando: ¿Sábese algo do xuízo da Secretaria e o Traballador Social? ¿Xa hai sentenza?

Resposta o Alcalde, Benigno Galego Castro: Sí que hai sentenza, aínda que non é firme. Así por encima, eles reclamaban unha produtividade ou complemento fixo e a sentenza recoñece que teñen dereito a cobrar produtividade do ano 2021 pero non un complemento fixo pero de todas formas, cando sexa unha sentenza firme vaise traer ao Pleno para dar conta.

Intervén de novo o Sr. Alberto Javier Rey Paz ¿porque non se iba comentar nada neste Pleno?

Resposta o Alcalde, Benigno Galego Castro: Porque aínda non é unha sentenza firme. Comunicaron a sentenza e deron un mes para presentar recurso.

Comenta o Secretario-Interventor, sería un recurso de casación, tardan sobre dous meses en dar a firmeza e logo devolven o expediente e irá a Pleno.

Pregunta Alberto Javier Rey Paz: ¿Aínda que non se presente recurso?

Resposta o Secretario-Interventor, Si.

Comenta o Sr. Alberto Javier Rey Paz que a raíz da noticia que salía esta semana sobre as traballadoras da Axuda no Fogar que reclamaban que se cumprira o horario laboral, ¿tedes algo que informarnos disto? Porque non entendemos como un organismo público como é o Concello de Cerdido non é capaz de respetar os dereitos laborais dos traballadores. Levades a sentenza de María en contra por unha reclamación de cantidades, a sentenza da Secretaria en contra.

Interpela o Alcalde, Benigno Galego Castro: Non, non. En contra non. Recoñécenlle parte, non é favorable ao 100%.

Continua o Sr. Alberto Javier Rey Paz: O Traballador Social igual e agora parece que se avexiña a cuarta das traballadoras de Axuda no Fogar.

Resposta o Alcalde, Benigno Galego Castro: Nos tivemos unha mesa de negociación o 14 de decembro para aprobar as Bases, onde se convocan os Sindicatos e foron os que dixeron que os empregados públicos teñen unha xornada laboral de 37 horas e media. Esta foi a primeira noticia que tiveron, a min ninguén me informou de que tiña que ser de 37 horas e media, entón a raíz de iso pediuse un informe xurídico para ver como se encaixa este asunto e se elas teñen a razón pois recoñeceráse e pagar os atrasos.

Toma a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz: Se están reclamando eso, entende que ese horario non o inventarán elas pois de algún lado sae, en algún convenio estará recollido que son 37 horas e media.

Resposta o Alcalde, Benigno Galego Castro : Ese é o informe que temos pedido e que tamén enviaremos á Deputación para que tamén nos informe.

Pregunta o Sr. Alberto Javier Rey Paz: ¿Ese é o horario dos funcionarios tamén?

Aclara o Alcalde, Benigno Galego Castro: Aquí hai unha diferenza entre empregado público que é o funcionario e elas pois considerábase que estaban contratadas por unha empresa e se rexían polo Convenio laboral do Sector. Entón o que se vai pedir é se entran dentro de empregados públicos ou se polo contrario están regulados por outro Convenio. Aquí asináronse contratos e dende a Secretaría-Intervención nunca se informou de que o contrato que se estaba asinando de 40 horas fora ilegal. De igual xeito, o Traballador Social tampouco informou de que o horario das traballadoras estivera incumprindo nada.

Intervén de novo o Sr. Alberto Javier Rey Paz: ¿Estariáse dando o caso de que unhas traballadoras polo Concello estarían facendo 37 horas e media mentres que outras contratadas por empresa estarían facendo 40 horas?

O Alcalde, Benigno Galego Castro: O que estipula o Convenio si.

Seguidamente o Sr. Alberto Javier Rey Paz comenta: Non é moi lóxico facendo o mesmo traballo. Se fan o mesmo traballo deben estar no mesmo Convenio. Sei que se pagan pero non é legal. Todo o mundo ten dereito a vacacións.

Intervén o Alcalde, Benigno Galego Castro: Todo isto ao que nos leva e que se pide o informe para saber si se consideran empregadas públicas ou se encaixan dentro do Convenio do Sector que é a diferenza de horas que se expresa. De todas formas, esas prazas entran en estabilización que saíron onte no BOP, son seis prazas de axuda a domicilio sendo catro a xornada completa e dúas a xornada parcial, a praza de animadora sociocultural e a praza de condutor-encargado de maquinaria. Unha vez que se estabilicen xa non hai marxe a ningunha dúbida e serían empregadas públicas que teñen que ir coas 37 horas e media.

Se pediu ao Traballador Social que, como coordinador do servizo, faga proposta para reducir o horario a 37 horas e media. Polo tanto, temos que esperar polos informes e se vai a contrastar con Deputación.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz indica que pola súa parte non ten nada máis que comentar e toma a palabra Dona María Amalia Díaz Rodríguez: Dicirvos que o colector de vidro da Lavandeira está colapsado, leva días.

Resposta o Alcalde, Benigno Galego Castro: Estaba porque foron hoxe pola mañá a baleiraló.

A Sr<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez comenta: Bueno, vale pero se temos que separar lixo e depostos está todo manga por ombro pois non é plan.

O Alcalde, Benigno Galego Castro indica: Hai temporadas pois unha veces veñen e está pola metade e outras así. É moi difícil de calcular pero avisáronse de que pasaran e viñeron

Dona María Amalia Díaz Rodríguez pregunta: En canto as luces leds, pasáronme comunicación os meus veciños de que xa se fundiron dúas que colocaron esta semana. Unha repuxérona e outra dixeron que non hai repostos e tiñan que falar co Señor Alcalde ¿falaron contigo?





Resposta o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro : Chamaron para avisar de que non funcionaban. Si.

A continuación a Sr<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez pregunta: ¿Pero os empregados que as colocaron falan contigo de esa segunda que non poden repoñer porque non teñen reposto? Chocoume moito que non haxa un recambio.

O Alcalde, Benigno Galego Castro indica: Non haberá recambio momentaneamente pois viñeron 253 que foron as que se colocaron. Esas dúas fundíronse ou estaban mal conectadas, non sei exactamente cal era o problema pero claro que se van a poñer a funcionar todas

O Sr. Alberto Javier Rey Paz comenta: Alumean moi ben.

Nesta liña, Dona María Amalia Díaz Rodríguez afirma: Si, alumean moi ben. É outro tipo de iluminación, máis clara.

Intervén o Alcalde, Benigno Galego Castro: Estas luminarias teñen unha garantía de dez anos, se en dez anos se funden ou pasa algo eso ten que asumilo a empresa, sexa este modelo ou outro

Continúa Dona María Amalia Díaz Rodríguez: Tamén teño outra queixa sobre as maquinarias pesadas que hai no alto da Igrexa de Cerdido, aparcadas contra o Pazo, pois cada vez que hai un enterro a xente queixase de que estorban, que avisemos a empresa para que as leve para o parking que está enriba da igrexa.

Comenta o Alcalde, Benigno Galego Castro: Non é a mesma empresa. Os da outra vez eran da empresa que estaba limpando o tendido eléctrico e agora son outros que descoñezo.

Dona María Amalia Díaz Rodríguez pregunta: ¿E se poñemos alí unha sinal de prohibido aparcas maquinaria pesada? Porque estorban moito.

Resposta o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: Eu creo que son recios a cambiar porque alí teñen luz e enriba non pero está claro que non deberían deixar alí pero encargamos unha sinal a poñemos e haber se hai sorte é a respectan.

Dona María Amalia Díaz Rodríguez finaliza o tema e pregunta: ¿Para conectar ao tema da fibra como é? Pois tamén me pregunta a xente.

O Alcalde, Benigno Galego Castro resposta: Quen a esta colocando é Movistar que foi quen colleu o contrato pero agora da servizo calquera compañía.

Dona María Amalia Díaz Rodríguez lanza outra cuestión: ¿Do cruce da Cernada que se sabe?



O Alcalde, Benigno Galego Castro: Falouse con eles pero son recios.

Dona María Amalia Díaz Rodríguez: ¿Vai quedar así entón? Pois queda fatal.

O Alcalde, Benigno Galego Castro: Pois son recios a quitar a varanda da estrada. Podemos volver a reclamarlles

O Sr. Alberto Javier Rey Paz comenta: Durante a presentación do tramo que falta ahí falei co Director de Obra e comentaba que o cruce está marabilloso.

Finalmente intervén o Alcalde, Benigno Galego Castro: Eu falei varias veces con él, co Director de Obra respecto a este asunto e outras obras. Para eles quedou ben pero faremos unha reclamación por escrito.

**E non habendo máis preguntas, sendo as 20 horas e 26 minutos, levántase a sesión.**